

## **ACTA DA MESA PARA A CONTRATACIÓN DA OBRA DE SUBSTITUCIÓN DO ACABADO DA CUBERTA DO POLIDEPORTIVO MUNICIPAL, INCLUÍDA NO PLAN DE ACCIÓN SOCIAL ( PAS) DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL.**

Na Casa Consistorial do Concello de Corcubión, ás 10:00 horas do día 17 de outubro de 2016 celébrase a MESA DE CONTRATACION para a adxudicación do obra de “*Substitución do acabado da cuberta do polideportivo municipal*”, presidida por Manuel Insua Insua, Alcalde da Corporación, actuando como vocais, a Secretaria Interventora do Concello, Irene Suárez López e o arquitecto da Oficina de rehabilitación, Antonio Martínez Domínguez, actuando como Secretaria da mesa a funcionaria María Carmen Trillo Mouzo.

O obxecto da convocatoria é a posta en coñecemento do informe técnico emitido sobre a valoración da documentación contida no SOBRE B, subtítulo “Referencias técnicas”. Criterios non avaliábles de forma automática.

A Secretaria da Mesa da lectura ao dito informe, que literalmente di:

*Antonio Martínez Domínguez, arquitecto Colexiado nº 3.442 do C.O.A.G., a petición de D. Manuel Insua Insua, alcalde – presidente do Concello de Corcubión, e á vista do Prego-Tipo de Cláusulas Administrativas Particulares que haberán de rexer para a contratación mediante procedemento aberto (con multiplicidade de criterios de valoración) da obra de “Substitución do acabado da cuberta do Polideportivo Municipal de Corcubión”*

### **EXPÓN:**

*A.- O presente informe realízase segundo os Criterios de valoración, definidos no Anexo IV do Prego-Tipo de Cláusulas Administrativas Particulares descrito con anterioridade.*

*B.- As cláusulas dos pregos ás que se fai referencia indican, entre outros, o seguinte:*

#### **“12.2. Sobre B: Subtitulado “Referencias técnicas”. Criterios non avaliábles de forma automática.**

*Conterá as seguintes referencias técnicas que se presentarán en papel ou en CD (formato dixital PDF con firma electrónica).*

##### **12.2.A.1) Programa de traballo:**

*As empresas deberán presentar un programa de traballo que contemple o desenvolvemento das distintas unidades que se han realizar en cada prazo, de acordo, no seu caso coas anualidades fixadas no cadro de características. Deberá incluír:*

- a) Unha memoria explicativa e detallada da forma e orde de execución das unidades de obra, que reflicta a continuidade e coordinación dos traballos dos*

*distintos oficios que interveñen, así como a definición da calidade de materiais, sistemas construtivos e instalacións que o contratista se compromete a empregar na obra.*

*b) Un gráfico da execución das distintas unidades de obra, en forma de diagrama de Gantt ou de barras, no que figure o orzamento mensual por contrata a prezos de proxecto (desagregado en días naturais), axustado ás anualidades previstas, no seu caso, nas condicións de licitación. Calquera referencia neste gráfico a importes distintos do orzamento de licitación, suporá a non admisión da oferta.*

*c) Descrición fotográfica ou en vídeo da obra: describirase a forma en que se documentará fotograficamente ou en vídeo o desenvolvemento e evolución das obras. A dita documentación entregarase á administración na data da acta de recepción.*

*O programa axustarase ás características, natureza e importe da obra.*

#### **12.2.A.2) Actuación ambiental:**

*a) Medidas específicas de protección ambiental que se aplicarán na execución de obra e en especial:*

- Reciclaxe, reutilización e recuperación de materiais*
- Rexeneración de espazos*
- Indicación de vertedoiros autorizados onde se van trasladar os materiais usados, excedentes ou procedentes de demolición ou derribas.*
- Compromiso de achegar, no seu momento, a documentación que acredite que os residuos de construción e demolición realmente producidos na obra foron xestionados, segundo o disposto no art. 4.c do R.D. 105/2008.*
- Medidas de aforro enerxético.*

#### **12.2.B) Plan de control de calidade:**

*Plan de control interno de calidade.*

*A oferta conterá, de forma xustificada, a proposta programada do control interno de calidade que a empresa vaia desenvolver durante a execución das obras, relativa, entre outros aspectos a:*

- control de calidade nos materiais que se han de empregar.*
- control de calidade nos métodos de execución das distintas unidades de obra.*
- control de calidade nas probas finais de instalacións.*
- calquera outro elemento, método ou proceso de control que o contratista considere oportuno incluír dentro do control de calidade.*

*O contido do plan axustarase ás características, natureza e importe da obra.*

*Para os efectos dispostos no apartado anterior, o contratista indicará para cada un dos aspectos do control de calidade: medios propios ou externos: o licitador indicará se levará a cabo o control de calidade con persoal propio ou con empresas externas especializadas en control de calidade.*

*O contratista deberá especificar o sistema de controis e ensaios que a empresa se compromete a realizar na obra, en consonancia co programa de control ofertado.*

*Este programa terá carácter contractual para o adxudicatario e o seu incumprimento considerarase incumprimento de obrigaón esencial para os efectos establecidos no art. 223 f) da TRLCSP. Non obstante o órgano de contratación poderá optar pola imposición de penalidades nos termos da cláusula 33 do presente prego.*

### **12.2.C) Esquema do Plan de seguridade e saúde:**

*As ofertas deberán presentar un esquema do plan de seguridade e saúde no traballo que haberá de seguirse durante a execución da obra, en aplicación do estudo de seguridade e saúde.*

*No citado esquema detallaranse:*

- *Medidas de prevención que se han adoptar*
- *Sistemas de seguimento e control de aplicación do plan*
- *Oferta de melloras de índole técnica*
- *A adecuación da organización establecida para prevención de riscos laborais e seguridade*
- *A realización dunha análise das posibles emerxencias e a suficiencia das medidas adoptadas.*
- *A acreditación dalgún tipo de auditoría periódica respecto dos resultados en materia de seguridade e saúde.*

*O contido do plan axustarase ás características, natureza e importe da obra.*

### **12.2.D) Índice de documentos que integran o sobre.**

*Farase constar, dentro do sobre e na primeira páxina, en folla independente, un índice dos documentos que o integran, enunciando numéricamente.*

## **12.3.- Sobre C: "Oferta económica e referencias valorables automática-mente"**

*Conterá a proposición económica e referencias valorables automaticamente formulada estritamente conforme o modelo que figura como Anexo II deste prego.*

**12.3.1) Oferta económica:** *formulada estritamente conforme co modelo do Anexo II do presente prego.*

**12.3.2) Porcentaxe de control de calidade externo:** *formulada estritamente conforme co modelo do Anexo II do presente prego.*

*A administración, a través da Dirección e de acordo co disposto na cláusula 29 do prego, ordenará a unha empresa especializada neste tipo de controis, contratada pola administración, que se verifiquen os ensaios e análises de materiais e unidades de obra que en cada caso resulten pertinentes e os gastos que se orixinen*

*serán por conta do contratista ata un importe máximo do 1% do orzamento de execución material da obra.*

*No caso de que o contratista ofertara unha porcentaxe maior, para os efectos de valoración, non se computa o 1% mínimo obrigatorio a que se refire o apartado anterior; é dicir, se unha empresa oferta o 3% de incremento de control de calidade externo, obterá 9 puntos (de acordo coa valoración do ANEXO IV) pero, para os efectos de financiamento polo contratista, a porcentaxe destinada a control externo a contratar pola administración será do 4% (3% ofertado polo adxudicatario máis 1% mínimo obrigatorio).*

*A Dirección de Obra poderá solicitar, en calquera momento, todos os informes e cálculos derivados deste programa de control interno de calidade.*

### **12.3.3) Proposta de redución de prazos de execución:**

*Só para aqueles contratos nos que se indique no epígrafe 6 do cadro de características do contrato (ANEXO I) que este criterio será obxecto de valoración.*

*- Proposta de redución de prazos de execución (expresado en días naturais):*

*No suposto en que no proxecto figure o prazo de execución por meses enténdese que estes son de 30 días naturais.*

### **13) Documentos: orixinais e copias.**

*Os documentos que se acompañen ás proposicións haberán de ser orixinais. No entanto, admitiranse fotocopias dilixenciadas polo secretario/a ou funcionario/a en quen delegue, nas que se faga constar que foron compulsadas cos seus orixinais.*

*(...)*

### **15) Apertura de plicas e adxudicación.**

*Polo que respecta á cualificación da documentación presentada (defectos ou omisións corrixibles, rexeitamento de proposicións e demais actuacións da Mesa de Contratación), estarase ao disposto no art. 160 do TRLCSP e Regulamento de desenvolvemento da lei. Para estes efectos a administración comunicará por calquera dos medios indicados polo contratista conforme a cláusula 12.1.1.M) ou a cláusula 12.1.2.C) do presente prego, indicándolle os defectos ou aclaracións e o prazo para emendar.*

#### **15.1 Apertura e valoración das ofertas.**

*Diferenciaranse dúas fases de valoración das ofertas*

*1ª Fase: Valoración dos criterios non avaliábeis mediante fórmulas do procedemento aberto con multiplicidade de criterios de valoración (excepto o factor prezo e demais criterios avaliábeis de forma automática)*

*Para os efectos previstos na primeira fase a Mesa de Contratación, solicitará informe técnico, que deberá estar debidamente motivado respecto dos factores de adxudicación non avaliábles de forma automática do procedemento aberto con multiplicidade de criterios de valoración (excepto o factor prezo e demais criterios avaliábles de forma automática) á vista da documentación incluída polos licitadores no sobre B: “Referencias técnicas”, criterios de valoración non avaliábles de forma automática mediante fórmulas*

*As empresas que non superen a puntuación mínima de 12,5 puntos na FASE I coa suma da puntuación correspondente aos criterios de valoración non avaliábles de forma automática: Plan de control de calidade, Programa de traballo, Programa de actuación ambiental e Plan de seguridade e saúde, non continuarán no proceso selectivo.*

*Na puntuación mínima á que se refire o apartado anterior non se computan en ningún caso as propostas de redución de prazos.*

#### *2ª Fase: Valoración das ofertas económicas e demais criterios avaliábles de forma automática*

##### *Procedemento:*

*Unha vez emitido o correspondente informe relativo ao sobre B, para os efectos previstos na segunda fase, a Mesa de Contratación procederá en acto público á apertura do sobre C (ofertas económicas e demais criterios avaliábles de forma automática). Celebrarase no lugar e día que se sinala no taboleiro de anuncios de contratación da Corporación ou perfil de contratante.*

*O presidente manifestará o resultado da cualificación dos documentos presentados, con expresión das proposicións admitidas, das rexeitadas e causa ou causas de inadmisión destas últimas.*

*As ofertas que correspondan a proposicións rexeitadas quedarán excluídas do procedemento de adxudicación do contrato e os sobres que as conteñan non se poderán abrir.*

*Antes da apertura da primeira proposición convidaranse os licitadores interesados para que manifesten as dúbidas que se lles ofrezan ou pidan as explicacións que estimen necesarias, a mesa aclarará e dará as contestacións pertinentes, pero sen que neste momento poida aquela facerse cargo de documentos que non fosen entregados durante o prazo de admisión de ofertas, ou o de corrección ou emenda de defectos ou omisións.*

#### **15.2 Rexeitamento de proposicións.**

*Se algunha proposición non gardase concordancia coa documentación examinada e admitida, excedese do presuposto base de licitación, variase substancialmente o modelo establecido, ou comportase erro manifesto no importe da proposición, ou existise recoñecemento por parte do licitador de que adoece de erro ou*

*inconsistencia que a fagan inviable, será refugada pola mesa, en resolución motivada.*

**15.2.1.-** *A administración terá alternativamente a facultade de adxudicar o contrato á proposición máis vantaxosa, mediante a aplicación dos criterios establecidos no presente prego, sen atender necesariamente ao seu valor económico, ou declarar deserta a licitación, motivando, en todo caso, a súa resolución con referencia aos criterios de adxudicación que figuran no presente prego.*

### **15.3.- Criterios de valoración:**

*Os criterios para a adxudicación do procedemento aberto con multiplicidade de criterios son os seguintes:*

#### **FASE I: CRITERIOS NON AVALIABLES MEDIANTE FÓRMULAS**

- 1.- Plan de control interno de calidade: de 0 a 9 puntos*
- 2.- Programa de traballo: de 0 a 13 puntos*
- 3.- Programa de actuación ambiental: de 0 a 6 puntos*
- 4.- Plan de seguridade e saúde: de 0 a 12 puntos.*

*Conforme os criterios de ponderación indicados no anexo IV*

#### **Disposición común: exclusións:**

*As empresas que non superen a puntuación mínima de 12,5 puntos na FASE I coa suma da puntuación correspondente aos criterios de valoración: programa de control interno de calidade, programa de traballo e actuación ambiental, e plan de seguridade e saúde, non continuarán no proceso selectivo, quedando excluídas da segunda fase e do procedemento aberto con multiplicidade de criterios.*

#### **FASE II: CRITERIOS DE VALORACIÓN DE APLICACIÓN AUTOMÁTICA MEDIANTE FÓRMULAS**

##### **1. Porcentaxe destinada a control de calidade.**

- 1.A- Porcentaxe destinada a control interno de calidade: de 0 a 1 punto.*
- 1.B- Porcentaxe destinada a control externo de calidade: de 0 a 9 puntos.*

##### **2- Redución de prazos** (criterio de carácter específico só aplicable a aqueles contratos nos que quede especificado na epígrafe 6 do cadro de características do contrato (anexo I do presente prego): **DE 0 A 10 PUNTOS**

*Para estes efectos, no suposto en que no proxecto figure o prazo de execución por meses enténdese que estes son de 30 días naturais.*

##### **3- Oferta económica:** ata 40 puntos

*Para o seu desenvolvemento e aplicación teranse en conta as normas recollidas no anexo IV.*

### **15.4.- Ofertas con valores anormais ou desproporcionados.**

*15.4.1.- Cando o órgano de Contratación presuma fundadamente que a proposición non se pode cumprir como consecuencia de baixas desproporcionadas ou anormais, notificará esta circunstancia aos licitadores supostamente comprendidos nela, para que dentro do prazo de cinco días xustifiquen as ditas ofertas, acompañando a documentación a que se refire o apartado 15.4.3 da presente cláusula. A xustificación realizada polos licitadores remitirase para informe dos Servizos Técnicos co fin de que emitan o correspondente informe.*

*15.4.2.- Considerarase, en principio, como desproporcionada ou anormal as ofertas que estean nos seguintes supostos:*

*- Número de ofertas: 1. A oferta é con valores anormais ou desproporcionados se é inferior ao prezo de licitación en máis dun 16,67% o que equivale a dicir que a súa baixa porcentual é superior a 16,67%*

*- Número de ofertas: 2. Unha das ofertas resulta con valores anormais ou desproporcionados se é inferior a outra en máis dun 13,33%*

*- Número de ofertas: 3. Serán ofertas con valores anormais ou desproporcionados aquelas que sexan inferiores á media aritmética das ofertas presentadas en máis dun 6,67% da dita media. Con todo, excluírase para o cómputo da media, a oferta máis elevada, cando sexa superior á media de todas en máis dun 6,67% desta. En calquera caso, consideraranse ofertas con valores anormais ou desproporcionados todas aquelas con baixas porcentuais superiores a 16,67*

*- Número de ofertas: 4 ou máis. Consideraranse con valores anormais ou desproporcionados aquelas ofertas que sexan inferiores á media das ofertas presentadas en máis dun 6,67% da dita media. No entanto, se entre elas existen ofertas que sexan superiores a esa media en máis dun 6,67% desta, calcularase unha nova media só coas ofertas que non estean no suposto indicado. En todo caso, se o número das restantes ofertas é inferior a tres, a nova media calcularase sobre as tres ofertas de menor contía.*

*15.4.3- Serán criterios obxectivos para apreciar ou non o carácter desproporcionado ou anormal da oferta:*

- *Xustificación dos prezos ofertados*
- *Volume de obra*
- *Relación entre custos laborais fixos e volume de obra contratada*

*Documentación que se ha achegar para apreciar ou non o carácter desproporcionado ou anormal da oferta.*

*(...)*

*15.5 Criterios de desempate*

No caso de que, aplicando os criterios de valoración, dúas ou máis empresas empaten na maior puntuación terá preferencia na adxudicación aquela empresa que teña no seu persoal maior número de traballadores con discapacidade (superior ao 2%) de conformidade co establecido na Disposición adicional 4ª do TRLCSP, e acordo do Pleno da Deputación do 25 de febreiro de 2000 (BOP núm. 63 do 17 de marzo de 2000).

Se varias empresas licitadoras das que empataran canto á proposición máis vantaxosa acreditan ter relación laboral con persoas con discapacidade nunha porcentaxe superior ao 2 por 100, terá preferencia na adxudicación do contrato o licitador que dispoña da maior porcentaxe de traballadores fixos con discapacidade no seu persoal.

Para estes efectos deberán presentar a documentación esixida nas cláusulas 12.1.1.N e 12.1.2.D

(...)

#### **ANEXO IV: CRITERIOS DE VALORACIÓN**

##### **FASE I**

#### **A) CRITERIOS NON AVALIABLES MEDIANTE FÓRMULAS**

##### **a) Plan de control de calidade (cláusula 15)**

Valorarase **de 0 a 9** puntos conforme á seguinte desagregación (Para este proceso de cálculo utilizaranse números de 2 decimais, aplicando os redondeos que por exceso ou defecto correspondan)

<i>Ofertas que presenten un plan de control interno de calidade específico e totalmente adaptado á obra</i>	<i>De 7,01 a 9,00 puntos</i>
<i>Ofertas que presenten un plan de control interno de calidade específico e adaptado á obra</i>	<i>De 4,01 a 7,00 puntos</i>
<i>Ofertas que presenten un plan de control interno de calidade xenérico e parcialmente adaptado á obra</i>	<i>De 2,01 a 4,00 puntos</i>
<i>Ofertas que presenten un plan de control interno de calidade insuficiente</i>	<i>De 0,51 a 2,00 puntos</i>
<i>Ofertas que presenten un plan de control interno de calidade non adaptado e incompleto</i>	<i>De 0,00 a 0,50 puntos</i>

##### **b) Programa de traballo (cláusula 15):**

Valorarase **de 0 a 13** puntos conforme á seguinte desagregación (expresado en dous decimais)

<i>Ofertas que presenten un programa de traballo específico e totalmente adaptado á obra</i>	<i>De 9,01 a 13,00 puntos</i>
<i>Ofertas que presenten un programa de traballo específico e adaptado á obra</i>	<i>De 6,01 a 9,00 puntos</i>
<i>Ofertas que presenten un programa de traballo xenérico e parcialmente adaptado</i>	<i>De 3,01 a 6,00 puntos</i>
<i>Ofertas que presenten un programa de traballo insuficiente</i>	<i>De 0,01 a 3,00 puntos</i>
<i>Ofertas que presenten un programa de traballo non adaptado e incompleto</i>	<i>0 puntos</i>



c) **Programa de actuación ambiental** (cláusula 15):

Valorarase de 0 a 6 puntos conforme á seguinte desagregación (expresado en dous decimais)

<i>Ofertas que presenten unha actuación ambiental específica e adaptada á obra</i>	<i>De 4,01 a 6,00 puntos</i>
<i>Ofertas que presenten unha actuación ambiental xenérica e parcialmente adaptada</i>	<i>De 2,00 a 4,00 puntos</i>
<i>Ofertas que presenten unha actuación ambiental insuficiente</i>	<i>De 0,01 a 1,99 puntos</i>
<i>Ofertas que presenten unha actuación ambiental non adaptada e incompleta</i>	<i>0 puntos</i>

d) **Esquema do Plan de seguridade e saúde** (cláusula 15): de 0 a 12 puntos

Valórase de 0 a 12 puntos conforme á seguinte desagregación (Para este proceso de cálculo utilizaranse números de 2 decimais, aplicando os redondeos que por exceso ou defecto correspondan):

<i>Ofertas que presenten un esquema do plan de seguridade e saúde específico e adaptado á obra</i>	<i>De 10,00 a 12,00 puntos</i>
<i>Ofertas que presenten un esquema do plan de seguridade e saúde xenérico e parcialmente adaptado</i>	<i>De 6,50 a 9,99 puntos</i>
<i>Ofertas que presenten un esquema do plan de seguridade e saúde insuficiente</i>	<i>De 0,01 a 6,49 puntos</i>
<i>Ofertas que presenten un esquema do plan de seguridade e saúde non adaptado e incompleto</i>	<i>0 puntos</i>

**EXCLUSIÓNS**

As empresas que non superen a puntuación mínima de 12,5 puntos na FASE I coa suma da puntuación correspondente aos criterios de valoración: plan de control de calidade, programa de traballo, programa de actuación ambiental e esquema do plan de seguridade e saúde, non continuarán no proceso selectivo, quedando excluídos da segunda fase e do procedemento aberto con multiplicidade de criterios.

**FASE II**

**CRITERIOS AVALIABLES MEDIANTE FORMULAS:**

**II.1- PORCENTAXE DE CONTROL DE CALIDADE: 10 puntos máximo**

<b>PORCENTAXE DE CONTROL INTERNO DE CALIDADE (cláusula 15)</b>	<i>Outorgarase a máxima puntuación (1 punto) á/s proposicións que oferten a maior porcentaxe e as restantes proposicións puntuaranse proporcionalmente</i>	<i>Ata 1 punto</i>
<b>PORCENTAXE DE</b>	<i>Aumento da porcentaxe de control de</i>	<i>Ata 9 puntos</i>

<b>CONTROL EXTERNO DE CALIDADE (cláusula 15)</b>	calidade externo calculado sobre o orzamento de execución material, sen ter en conta o 1% a que se refiren as cláusulas 12 e 29. Calcularase aplicando a seguinte fórmula: $3 X \%$ incremento de execución material (expresado en dous decimais)	
--	--	--

**II.2 - REDUCIÓN DE PRAZOS (CRITERIO DE CARÁCTER ESPECIFICO SÓ APLICABLE A AQUELES CONTRATOS NOS QUE QUEDE ESPECIFICADO NA EPIÍGRAFE 6 DO CADRO DE CARACTERÍSTICAS DO CONTRATO (ANEXO I).**

Proposta de redución de prazos de execución (cláusula 15 do presente prego): **de 0 a 10 puntos.**

Tomaranse en consideración só as ofertas de redución de prazo que resulten debidamente xustificadas.

**Puntuación máxima**

Calcularase en primeiro lugar a diferenza entre os valores máximo e mínimo de redución de prazos, medidos en días naturais, que representen as ofertas consideradas.

A porcentaxe que signifique esta diferenza con relación ao prazo de proxecto servirá para fixar proporcionalmente o número natural máximo de puntos que se han adxudicar por este concepto. Desta forma, para unha porcentaxe inferior ou igual ao 5% corresponderá un máximo de 2 puntos; para unha porcentaxe superior ao 5% e inferior ou igual ao 10%, 4 puntos; e así sucesivamente, ata un máximo de 10 puntos.

**Proceso de puntuación**

A continuación, calcularase a media aritmética de todas as reducións de prazo en consideración.

Asignarase 1 punto ás proposicións que se axusten ao prazo de proxecto, un 80% da puntuación máxima adxudicable ás que iguallen a media aritmética anterior, e un 100% ás que signifiquen a redución máxima.

Ás ofertas que representen reducións situadas no intermedio dos 2 tramos así configurados puntuaráselles proporcionalmente aos seus extremos de forma lineal.

Para este segundo proceso de cálculo utilizaranse números de 2 decimais, aplicando os redondeos que por exceso ou defecto correspondan.

Outorgaranse 0 puntos a aquelas ofertas de redución de prazo que non se consideraron debidamente xustificadas.

Nos casos de proposición única presentada debidamente xustificada que non exceda do prazo sinalado en proxecto ou dun conxunto de proposicións que signifique diferenzas de prazo inferiores ao 5% daquel, cualificarase sempre con 1 punto.

Para ilustrar este proceso, incorpórase o seguinte gráfico:

(...)

**III. OFERTA ECONÓMICA**

**Oferta Económica: De 0 a 40 puntos. De acordo coa fórmula elaborada pola facultade de matemáticas:**

(...)

*DILIXENCIA: Que se estende para facer constar que a fórmula poderá consultarse na seguinte dirección de correo electrónico:*

*<http://www.dicoruna.es/contratacion/valoracion/>*

*C.- As empresas licitantes para a adxudicación da obra de "Substitución do acabado da cuberta do Polideportivo Municipal de Corcubión" (que non foron excluídas despois de estudar a documentación presentada no Sobre A) son:*

- *Abaco Sercoin, S.L.*
- *Terrauga Proyectos y Obras, S.L.*
- *Construcciones D. Ogando, S.L.*
- *Proycoga, S.A.*
- *Hierros Bueno, S.A.L.*

*D.- Propostas ofertadas por cada unha das empresas licitantes:*

*Abaco Sercoin, S.L.*

*A empresa, de acordo co indicado no apartado D.- da cláusula 12.2. do Prego, ten aportado un índice dos documentos que integran o Sobre B – Referencias Técnicas.*

*A.1) Programa de traballo:*

- *Ten presentado unha Memoria explicativa das obras que contén diversas fotografías do edificio no que se pretende actuar, así como unha fotografía aérea do entorno da zona de actuación. Planifican a obra diferenciando cinco fases de execución: Desmontaxe da cuberta actual (seguridade dos traballadores -liña de vida e redes de protección-, protección pavimento polideportivo -taboleiros fenólicos sobre láminas plásticas-, impregnación das placas de fibrocemento con líquido encapsulante para evitar a emisión de fibras, apilado das placas e posterior embalaxe, limpeza dos elementos de apoio con aspirador); Montaxe da nova cuberta sobre as correas existentes (definindo a secuencia de montaxe, sen facer mención ás placas translúcidas de policarbonato con cámara a instar no centro de cada pano); Canlón e baixante de aluminio (se define minimamente o seu proceso a continuación); Desmontaxe de falso teito (se define minimamente o seu proceso a continuación); Revestimento con pintura ao silicato (comprendo a limpeza do soporte -con máquina de auga a presión, inapropiado para o interior-, reparación das zonas danadas, e posterior pintado).*
- *Propoñen actuar na cuberta por tramos (entre cerchas), de xeito que o período no que o edificio quede parcialmente descuberto sexa o mínimo; actuando do seguinte xeito: desmontaxe da cuberta e limpeza dos elementos de apoio, pintado das viguetas e cerchas pola parte superior, montaxe da nova cuberta.*
- *Posteriormente, definen dun xeito máis conciso a secuencia de execución dos diferentes traballos: implantación das instalacións auxiliares e valado da obra, reformulo da obra, implantación das instalacións de descontaminación,*

*protección do pavimento interior do polideportivo, interferencia (mínima) cos servizos existentes propoñendo o acceso dos camións dende a rúa Río de Quenxe, desmontaxe do falso teito, desmontaxe da cuberta actual previa colocación dos elementos de seguridade, limpeza das zonas de apoio, pintado da zona superior das viguetas e cerchas, colocación do novo acabado de cuberta (estas actuacións se farán por tramos repetindo a mesma secuencia); colocación de canlóns e baixantes; execución dos traballos interiores (pintado das cerchas e correas, e dos revestimentos interiores), e finalmente, limpeza da zona de traballo e desmontaxe dos medios auxiliares e elementos de protección.*

- *Definen o organigrama da empresa e realizan unha análise de condicionantes climatolóxicos.*
- *Definen os medios persoais e equipos e maquinaria a utilizar para o reformulo, desmontaxe da cuberta, e traballos de cuberta (faltarían procesos por definir).*
- *Indican a validación dos subministradores, a zona de acopios de materiais ou escombros.*
- *Definición dunha táboa cos rendementos medios para cada unha das fases, polo que se obteñen os prazos de execución que figuran no Diagrama de Gantt.*

*Coa información facilitada se aprecia a continuidade e coordinación dos traballos dos distintos oficios que interveñen; si ben se bota en falta a descrición da execución de algunha partida importante (polo prezo) como é a correspondente ás placas translúcidas de policarbonato con cámara a instalar no centro de cada pano.*

*Tampouco se definen os medios persoais e equipos e maquinaria a utilizar en varios destes traballos.*

*Non me consta que se teña definido e xustificado a calidade dos materiais e sistemas construtivos que o contratista se compromete a empregar na obra (remítese ao indicado no Proxecto e/ou Prego).*

- *Ten aportado un Diagrama de Gantt no que se recollen os traballos definidos con anterioridade (non se define por unidades de obra do proxecto) para un prazo de 54 días naturais (non se axusta ao prazo definido no proxecto). Neste Diagrama non se aprecia a execución por tramos definida na memoria presentada. Inclúe unha previsión de custos no que figura o presuposto mensual e definitivo a prezos de Proxecto (execución material e execución por contrata).*
- *A empresa se compromete a realizar unha reportaxe fotográfica co obxecto de que a execución da obra quede documentada de forma gráfica; que se entregará en formato "dossier" na recepción da obra.*

*Segundo o indicado, o técnico que subscribe considera que se ten presentado un programa de traballo relativamente específico e adaptado á obra.*

#### **A.2) Actuación Ambiental:**

- *O apartado de Actuación Medioambiental presentado inclúe os seguintes contidos:*
  - *Identificación dos impactos creados polas diversas unidades de obra, definindo as causas e as medidas específicas de protección ambiental a realizar.*
  - *Organización física da obra, con indicación da zona na que se prevé almacenar os residuos.*

- *Reciclaxe, reutilización e recuperación de materiais; definindo unha serie de pautas xerais a seguir durante a obra: optimizar a cantidade de materiais para evitar sobrantes; utilización de materiais reciclados, ecolóxicos ou retornables; detallando o consumo de materias primas, mecanismos de aforro de enerxía, e residuos; e definindo o tratamento a realizar a diversos residuos; utilización de produtos con etiqueta ecolóxica.*
- *Vertedoiros adecuados para a recollida de residuos: definen os próximos á zona de actuación: Siavi, S.A. de Vimianzo, Gestión de residuos Andújar, de Dumbría, e Contenedores Miramontes, de Coristanco.*
- *Xestión dos residuos xerados durante a execución, comprometéndose a manter o estado de limpeza da obra e xestionar correctamente os residuos xerados. Definen os residuos que poden aparecer na obra, diferenciando asimilables a urbanos ou inertes, e a súa xestión, aportando datos de diversos xestores autorizados destes tipos de residuos.*
- *Xestión dos residuos perigosos, facendo mención especial ás pranchas de fibrocemento con amianto.*
- *Normativa ambiental nas obras, definindo unha serie de actuacións por parte da empresa para o seu cumprimento.*
- *Organigrama medioambiental proposto e responsabilidades do persoal.*
- *Compromiso de aportar a documentación que acredite que os residuos de construción e demolición realmente producidos na obra foron xestionados.*

*Segundo o indicado, o técnico que subscribe considera que se ten presentado un programa de actuación ambiental específico e adaptado a esta obra.*

**B) Plan de control de calidade:**

*Plan de control interno de calidade:*

- *Indican que a empresa levará un metodoloxía do control na obra que abarcará: control dos materiais (certificados, documentos de control, calibrado de equipos de medida, marcados CE, selos e/ou marcas de calidade); control da execución (xeometría, forma e dimensións conforme a Proxecto, reformulo, atención ás partes ocultas, triangulación, estudio da planimetría); aspectos cualitativo; aspectos cualitativos; e vixilancia sistemática dos procesos.*
- *Normativa técnica de aplicación.*
- *Definen os criterios de muestreo, aceptación ou rechazo para a cuberta con panel sándwich e revestimentos de pintura.*
- *Organización do control de calidade da empresa, indicando o persoal encargado de realizar os controis.*
- *Fan mención ao control externo de calidade (propoñen a empresa EPTISA), si ben non se corresponde co presente apartado.*

*Segundo o indicado, o técnico que subscribe considera que se ten presentado un plan de control interno de calidade xenérico e parcialmente adaptado á obra.*

**C) Esquema do Plan de Seguridade e Saúde:**

- *A empresa ten presentado un Esquema do Plan de Seguridade e Saúde que inclúe:*
  - *Implantación de sistemas de participación dos traballadores na PRL; indicando que a empresa entregará a cada traballador os equipos de protección individual, así como unha serie de documentación sobre a PRL; e as actuacións a realizar nesta materia polas subcontratas.*
  - *Canais de información e formación dos traballadores (información sobre os riscos e medidas a preventivas ós traballadores, e formación dos mesmos por parte da empresa).*
  - *Adaptación do estudo de seguridade e saúde ao proceso construtivo; situacións de emerxencia; medidas. Neste apartado fan mención ás principais actuacións coas que conta a obra.*
  - *Como melloras ofertan: a designación dun técnico de seguridade e saúde coa correspondente titulación que estará permanentemente na obra, e que realizará informes mensuais sobre a PRL nesta obra; así como outras medidas que realmente non son tales melloras (son actuacións que se deben realizar para un correcto desenrolo das obras).*
  - *Fan unha descrición dos riscos máis frecuentes, das medidas preventivas a realizar, así como dos equipos de protección individual que se deben utilizar para diversas actuacións: xerais obra, demolicións, cuberta panel sándwich, medios auxiliares (estadas, escaleiras de man, redes), maquinaria (camión grúa, camión transporte).*
  - *Así mesmo, fan mención, dentro do apartado de riscos especiais, a traballos con amianto, indicando a necesidade de que o contratista elabore un Plan de Traballo, o contido deste, a descrición dos traballos, as medidas preventivas a adoptar.*
  - *Indicación dos centros sanitarios máis próximos.*
  - *En canto á análise das emerxencias, se limitan a indicar que esta será realizada polo técnico de seguridade, e que o plan de seguridade recollerá cómo e cando se debe actuar en caso de emerxencia.*
  - *Aportan unhas Fichas de emerxencia que, segundo indican, colocarán nun lugar visible, e que responden ás seguintes situacións: accidente, derrames ou vertidos de líquidos perigosos, incendio, inundación, teléfonos de emerxencias; con definición das comunicacións a realizar e procedemento de actuación.*
  - *Presentan un índice do Plan de emerxencias.*
  - *Definen o organigrama de seguridade da empresa, así como as funcións de cada un dos compoñente do mesmo; facendo mención a que teñen contratado o Servizo de Prevención Alleo con NORPREVENCIÓN, S.L.*
  - *Fichas tipo de seguimento da seguridade na obra, e copia do modelo utilizado pola empresa como control preventivo.*

*Segundo o indicado, o técnico que subscribe considera que se ten presentado un esquema do plan de seguridade e saúde suficientemente específico e adaptado á obra.*

***Terrauga Proyectos y Obras, S.L.***

*A empresa, de acordo co indicado no apartado D.- da cláusula 12.2. do Prego, ten aportado un índice dos documentos que integran o Sobre B – Referencias Técnicas.*

A.1) *Programa de traballo:*

- *Definen primeiramente as instalacións auxiliares a implantar na obra e a situación da zona de acopios (no aparcamento situado ao este do polideportivo), achegando unha fotografía do lugar.*
- *Definen posteriormente os condicionantes das actividades a realizar: interferencias co tráfico rodado, servizos afectados, condicionantes administrativos, condicionantes climatolóxicos (relevantes para determinar o prazo de execución).*
- *Teñen presentado unha Memoria explicativa dos traballos, diferenciando e definindo dun modo moi resumido os seguintes traballos: Demolicións (da cuberta existente); Cuberta (panel sándwich, placas de poliéster reforzado con fibra de vidro, cumieira e remates laterais); Canlón e baixante; Revestimento (desmontaxe do falso teito, pintado das viguetas e cerchas, e pintado dos paramentos verticais).*
- *A definición da orde de execución dos traballos queda limitada ao indicado no Diagrama de Gantt.*
- *No Anexo II definen os medios persoais e medios materiais a utilizar para as demolicións, a cuberta, e a pintura (faltarían procesos por definir).*
- *Como Anexo III achegan xustificación das clasificacións da empresa, e certificado de inscrición no Rexistro xeral de contratistas da Comunidade Autónoma de Galicia.*

*Coa información facilitada non se aprecia a continuidade e coordinación dos traballos dos distintos oficios que interveñen.*

*Tampouco se definen os medios persoais e equipos e maquinaria a utilizar en varios destes traballos.*

*Non me consta que se teña definido e xustificado a calidade dos materiais e sistemas construtivos que o contratista se compromete a empregar na obra (remítese ao indicado no Proxecto e/ou Prego).*

- *Teñen aportado un Diagrama de Gantt no que se recollen as diferentes partidas (as de seguridade e saúde de xeito agrupado) definidas no presuposto do Proxecto para un prazo de tres meses (desagregado en días naturais). Neste D.G. non figura o orzamento mensual por contrata a prezos de proxecto.*
- *A empresa se compromete a realizar unha reportaxe fotográfica e/ou en vídeo na que quede constancia da evolución das obras.*

*Segundo o indicado, o técnico que subscribe considera que se ten presentado un programa de traballo relativamente específico e adaptado á obra.*

A.2) *Actuación Ambiental:*

- *O Programa de Actuación Ambiental presentado inclúe os seguintes contidos:*
  - o *Indicación de que a empresa ten implantado un sistema de Xestión Medioambiental conforma a norma ISO 14.001.*

- *Descrición dos principais impactos que se producirán no transcurso da obra.*
- *Reciclaxe, reutilización e recuperación de materiais: definindo os materiais e produtos susceptibles de ser recuperados ou reutilizados (embalaxes, papel, cartón, plásticos e vidros); utilización de materiais reciclados, compra en función da necesidade e posibilidade de devolución dos produtos sobrantes; establecen unhas medidas xerais para minimizar, reutilizar e reciclar os residuos.*
- *Rexeneración de espazos: necesidade de mantemento das condicións de limpeza e orde na obra; retirada de materiais e limpeza das zonas quedando totalmente limpa, sen restos de obra, contedores, instalacións auxiliares, etc.*
- *Xestión dos residuos xerados durante a obra, diferenciando a xestión interna (punto limpo de almacenaxe temporal dos residuos xerados na obra); da xestión externa (por parte dun xestor autorizado).*
- *Indicación de vertedoiros autorizados, proponendo á empresa Residuos y Reciclajes de Santiago, S.L. de Teo.*
- *Compromiso de aportar a documentación que acredite que os residuos de construción e demolición realmente producidos na obra foron xestionados.*
- *Medidas de aforro enerxético: diminución do uso de combustibles fósiles, diminución do consumo de enerxía, diminución do consumo de auga.*
- *Como anexo achegan copia do certificado no sistema de xestión ambiental da empresa, que non se terá en conta ao non ser copia compulsada.*

*Segundo o indicado, o técnico que subscribe considera que se ten presentado un programa de actuación ambiental específico e adaptado a esta obra.*

**B) Plan de control de calidade:**

*Plan de control interno de calidade:*

*Inclúe os seguintes contidos:*

- *Sistema organizativo, indicando que a empresa establecerá un Equipo de Aseguramento da Calidade que se encargará deste aspecto, e que redactará a tal efecto o Plan de Aseguramento da Calidade da obra.*
- *Procedemento de xestión, diferenciando unha Fase previa, na que se elaborará o Programa de Puntos de Inspección (preséntano como Anexo II, sendo este xenérico ao incluír na súa práctica totalidade fases construtivas que nada teñen que ver coa obra que se licita); e unha Fase de execución das obras, na que se realizarán inspeccións para a recepción dos materiais e do proceso de execución a partir do PPI.*  
*Definen o procedemento de xestión da obra, definindo a labor do Xefe de obra, quen será o encargado da recepción dos materiais. Presentarán os documentos de identificación do produto esixidos ao director de execución da obra.*  
*Identifican como responsable do control da execución de cada unidade de obra ao director de execución da obra.*
- *Compromiso de incluír para o Aseguramento da calidade un laboratorio interno, ECONTROL Laboratorio de Calidad, S.L. que desenrolará a relación de controis e ensaios, criterios de muestro e de aceptación e rechazo que se xuntan no Anexo III (neste Anexo III non se establece ningunha relación de controis e ensaios, criterios de muestro e de aceptación e rechazo).*



- *Como Anexo I achegan copia do certificado no sistema de xestión de calidade da empresa, que non se terá en conta ao non ser copia compulsada.*

*Segundo o indicado, o técnico que subscribe considera que se ten presentado un plan de control interno de calidade xenérico e parcialmente adaptado á obra.*

C) *Esquema do Plan de Seguridade e Saúde:*

- *A empresa ten presentado un Esquema do Plan de Seguridade e Saúde que inclúe:*
  - *Definición da cuestión principal das obras en relación coa seguridade e saúde dos traballos; facendo mención especial ao amianto*
  - *Medidas de prevención a adoptar (moi resumido).*
  - *Sistemas de seguimento e control de aplicación do Plan; no que se inclúen: os sistemas de participación dos traballadores na PRL; entrega por parte da empresa das fichas de información de riscos laborais por posto de traballo e medidas a adoptar; formación dos traballadores en materia de PRL segundo o seu posto de traballo;*
  - *Oferta de melloras de índole técnica; na que se definen as deficiencias que, ao seu parecer o presenta o Estudio Básico de Seguridade e Saúde do Proxecto; manifestan o desenrolo dun Plan de incendios; incluír o organigrama preventivo, no que figurará o recurso preventivo; constitución dunha comisión de coordinación; definición dun plan de circulación; nomeamento dun traballador cualificado para determinar a viabilidade dos traballos con liñas eléctricas; inclusión de planos (percorridos a centros médicos e fichas dos equipos de protección); ampliación do Prego.*
  - *Organización para prevención de riscos laborais e seguridade; coa definición do persoal da empresa que se encargará da organización da prevención: xefe de departamento de prevención, xefe de obra, e encargado de obra e recurso preventivo; indicando as funcións de cada un deles. Fan constar que a empresa ten concertado o Servizo de Prevención coa empresa CUALTIS.*
  - *Análise de posibles emerxencias e suficiencia das medidas adoptadas; entre os que figuran os accidentes e os incendios. Clasifican os riscos, a probabilidade de que ocorran e o grao de severidade. A continuación definen as medidas preventivas para cada valoración de risco.*
  - *Acreditación de prevención e seguridade; límtase ao certificado no sistema de prevención de riscos laborais da empresa (OSHAS 18001) que se achega como Anexo I, e que non se terá en conta ao non ser copia compulsada.*
  - *Relación das protección colectivas a utilizar, entre as que destacan: unidade de descontaminación (amianto) e liñas de vida.*
  - *No Anexo II aportan planos tipo do P.S.S.*
  - *No Anexo III figuran os números de teléfono de emerxencias.*
  - *No Anexo IV incorporan os procedementos do manual das principais unidades de obra.*
  - *Como Anexo V figura o Plan de emerxencia, coa definición das actuacións en caso de risco ou accidente, en caso de emerxencia; plan de*

*evacuación; características, capacitación e actuación de equipos de emerxencia; organización dos primeiros auxilios; e normas de actuación de primeiros auxilios.*

*Segundo o indicado, o técnico que subscribe considera que se ten presentado un esquema do plan de seguridade e saúde suficientemente específico e adaptado á obra.*

### **Construcciones D. Ogando, S.L.**

*A empresa, de acordo co indicado no apartado D.- da cláusula 12.2. do Prego, ten aportado un índice dos documentos que integran o Sobre B – Referencias Técnicas.*

#### *A.1) Programa de traballo:*

- *Teñen presentado un Programa de traballo no que, ademais de aportar unha vista aérea e fotografías do exterior e interior do edificio no que se pretende actuar, se definen de xeito detallado os principais procesos de execución da obra: Implantación (colocación do cartel da obra, instalación das casetas, e acopio de materiais e valado; Reformulo (da cuberta); Actuacións previas (montaxe de estadas homologadas con rede); Demolicións (desmontaxe da cuberta de placas de fibrocemento con amianto, aspirado das partículas de amianto -din estar rexistrados no preceptivo Rexistro de empresa con risco de amianto (RERA) con nº de identificación 15/278-); Cuberta (instalación de liña horizontal de seguridade para ancoraxe e desprazamento, execución da cuberta formada por paneis sándwich); e Pintado (sobre soportes metálicos -limpeza previa- ou de xeso ou cemento -lixado, man de fondo e acabado final-).*

*Unicamente expoñen a maquinaria, man de obra e medios auxiliares que se prevé utilizar nos dous primeiros destes procesos.*

*Fan unha análise das necesidades de acopios (indican a zona de implantación -no aparcamento do colexio situado ao oeste do edificio-) e da afección ao entorno pola execución das obras (transporte de materiais, desvíos provisionais, reposicións de servizos afectados).*

*Coa información facilitada non se aprecia a continuidade e coordinación dos traballos dos distintos oficios que interveñen; e se bota en falta a descrición da execución de algunha partida importante (polo prezo) como é a correspondente ás placas translúcidas de policarbonato con cámara a instalar no centro de cada pano ou a demolición do falso teito.*

*Non me consta que se teña definido e xustificado a calidade dos materiais e sistemas construtivos que o contratista se compromete a empregar na obra (remítese ao indicado no Proxecto e/ou Prego).*

- *Teñen aportado un Diagrama de Gantt no que se recollen as diferentes partidas (as de seguridade e saúde de xeito agrupado) definidas no presuposto do Proxecto para un prazo de tres meses (desagregado en días naturais), e no que figura o orzamento mensual por contrata a prezos de proxecto.*

- *A empresa se compromete a contratar unha empresa especializada para realizar unha reportaxe fotográfica da execución da obra; a realizar un vídeo dende un punto elevado onde se visualice toda a construción da obra; e a entregar unha copia de toda a documentación ao Concello de Corcubión.*

*Segundo o indicado, o técnico que subscribe considera que se ten presentado un programa de traballo relativamente específico e adaptado á obra.*

#### *A.2) Actuación Ambiental:*

- *A Memoria de Actuación Medioambiental presentada pola empresa inclúe os seguintes contidos:*
  - *Análise do medio*
  - *Análise da obra dende unha perspectiva ambiental, coa valoración dos impactos producidos no medio e medidas a adoptar.*
  - *Rexeneración de espazos: completa limpeza da zona e desmantelamento das instalacións auxiliares. No caso de ter retirado especies vexetais, procederán á plantación de especies autóctonas.*
  - *Medidas a adoptar para a redución do consumo de materiais e por tanto menor produción de residuos.*
  - *Propoñen como empresa autorizada para a xestión dos residuos a SIAVI, de Vimianzo.*
  - *Utilización de enerxías renovables: caseta de obra con kit fotovoltaico.*
  - *Xeración e xestión dos residuos:.*
  - *Compromiso de empregar produtos con etiqueta ecolóxica, materiais que proveñan dun proceso de reciclado ou reutilización; proposta de que as empresas subministradoras estean certificadas en sistema de xestión ambiental.*
  - *Outras medidas a adoptar (xenérico).*
  - *Normativa de aplicación.*
  - *Como Anexo I achegan copia do certificado no sistema de xestión ambiental da empresa, que non se terá en conta ao non ser copia compulsada e ademais estar caducada a súa validez.*
  - *No Anexo II presentan unha guía de boas prácticas ambientais en empresas de construción.*
  - *Como Anexo IV presentan un procedemento para o control operacional e seguimento/medición das actividades asociadas a aspectos ambientais.*
  - *No Anexo V aportan copia da resolución de inscrición como produtor de residuos de construción e demolición no Rexistro Xeral de Produtores e Xestores de Residuos de Galicia.*
  - *No Anexo VI achegan o compromiso de aportar a documentación que acredite que os residuos de construción e demolición realmente producidos na obra foron xestionados.*
  - *Noutros anexos: plano de situación dos vertedoiros, e plano de situación das casetas.*

*Segundo o indicado, o técnico que subscribe considera que se ten presentado un programa de actuación ambiental específico e adaptado a esta obra.*

*B) Plan de control de calidade:*

*Plan de control interno de calidade:*

*Inclúe os seguintes contidos:*

- *Definición do control de calidade dos materiais, diferenciando un control de documentación dos subministros, realizado polo persoal da empresa (documentos de orixe, folla de subministro e etiquetado, certificado de garantía do fabricante, documentos de conformidade, marcados CE, fichas de características técnicas, distintivos de calidade, ...); e un control mediante ensaios, efectuado por empresas e organismos de control técnico especializadas (coa información facilitada cabe entender que estes controis se corresponden co control externo de calidade).*
- *Definición dos elementos que compoñen o sistema de xestión de calidade (xenérico).*
- *Sistema organizativo, indicando que a empresa establecerá un Equipo de Aseguramento da Calidade que se encargará deste aspecto, e que redactará a tal efecto o Plan de Aseguramento da Calidade da obra.*
- *Fan mención a un proceso de ensaio dunha cuberta plana con lámina impermeable (que non é o caso).*
- *Definen o procedemento para o control de calidade interno a realizar pola empresa: inspeccións, ensaios, criterios de aceptación e rechazo, programa de puntos de inspección ...*
- *Como Anexo I achegan un Manual integrado de xestión.*
- *Como Anexo II achegan copia do certificado no sistema de calidade da empresa, que non se terá en conta ao non ser copia compulsada e ademais estar caducada a súa validez.*
- *Como Anexo III inclúen os procedementos para a avaliación de provedores e subcontratas; para a identificación e trazabilidade; para o control e tratamento de servizos non conformes; para o tratamento dos rexistros do sistema; e para a xestión das reclamacións de clientes (xenéricos).*
- *No Anexo V achegan o organigrama da empresa.*

*Segundo o indicado, o técnico que subscribe considera que se ten presentado un plan de control interno de calidade xenérico e parcialmente adaptado á obra.*

*C) Esquema do Plan de Seguridade e Saúde:*

- *A empresa ten presentado un esquema do Plan de Seguridade e Saúde que inclúe:*
  - *Introdución - Memoria informativa; con datos xerais da obra.*
  - *Implantación en obra das instalacións de hixiene e benestar; valado e sinalización, acometidas da obra, servizos hixiánicos e vestiarios, caseta sanitaria e botiquín.*
  - *Medidas de prevención a adoptar na obra; coa definición dos riscos e medidas preventivas en diversas fases da obra: acometidas da obra, servizos de hixiene e benestar, montaxe e desmontaxe de estadas, demolición de cuberta de fibrocemento, e colocación de panel de chapa en cuberta.*
  - *Análise da organización preventiva e sistema de xestión da prevención a desenrolar na obra; co compromiso de entregar o Plan de seguridade ós subcontratistas; facer reunións de coordinación de actividades empresariais; definición do organigrama preventivo e as súas funcións.*

- *Sistema de seguimento e control de aplicación do Plan de seguridade e saúde; indicando que adscribirán á obra un Técnico de seguridade que controlará o estricto cumprimento do P.S.S. e das medidas de prevención.*
- *Análise da proposta de información e estudio dos índices de sinistralidade da obra; no que definen o procedemento a seguir en caso de accidentes.*
- *Relación de maquinaria, ferramentas e medios auxiliares a utilizar na obra.*
- *Entrega de EPIs.*
- *Adecuación da organización establecida para a prevención de riscos laborais.*
- *Organización do sistema de participación en obra dos traballadores en cuestións de seguridade e saúde laboral.*
- *Organización da sistemática de información e formación dos traballadores.*
- *Posibles emerxencias e medidas a adoptar; no que se definen as actuacións previas ao inicio dos traballos, i en caso de accidente.*
- *Auditoría dos resultados en materia de seguridade e saúde en obra; co compromiso de contratar unha auditoría periódica realizada polo servizo de prevención alleo, e de presentar os resultados ao Concello.*
- *Prego de condicións.*
- *Anexos:*
  - *Copia do certificado no sistema de prevención de riscos laborais da empresa (OSHAS 18001), e que non se terá en conta ao estar caducado e non ser copia compulsada.*
  - *Copia duns documento coa Mutua de accidentes de traballo e enfermidades profesionais da Seguridade Social, Fraternidad Muprespa, e que non se terán en conta ao non ser copia compulsada.*
  - *Melloras de índole técnica, entre as que destacan: auditorías internas semanais coa visita dun técnico independente; tódolos traballadores disporán do curso de 60 h. de prevención específica na construción.*
  - *Adecuación da organización establecida para a prevención de riscos laborais e seguridade, definindo o organigrama de seguridade e o seu funcionamento.*
  - *Copia do concerto de servizos de prevención alleo de riscos laborais coa empresa TAPREGA Prevención de Riesgos, S.L., que non se terá en conta ao non ser copia compulsada.*
  - *Planimetría cos recorridos ao Centro de saúde e Hospital.*
  - *Plano de ordenación das casetas.*

*Segundo o indicado, o técnico que subscribe considera que se ten presentado un esquema do plan de seguridade e saúde específico e adaptado á obra.*

### **Proycoga, S.A.**

*A empresa, de acordo co indicado no apartado D.- da cláusula 12.2. do Prego, ten aportado un índice dos documentos que integran o Sobre B – Referencias Técnicas.*

#### **A.1) Programa de traballo:**

- *Ten presentado unha Memoria explicativa das obras a realizar, na que se definen: as Actividades previas (aprobación do plan de seguridade e saúde, do plan de xestión de residuos, e apertura do centro de traballo); a Implantación (instalacións provisionais, valado da obra, montaxe de estadas, colocación de liña de vida, colocación dunha rede horizontal no interior do polideportivo, e dunha varanda de seguridade perimetral); os condicionantes da obra (presenza do colexio próximo, espazos estreitos, clima e visibilidade na data de execución da obra). Posteriormente pasan a definir as fases de execución da obra: Implantación (o indicado con anterioridade, definindo os medios persoais e a maquinaria a utilizar para a execución destes traballos); Demolición (do acabado de cuberta actual, e do falso teito no interior, definindo os medios persoais e a maquinaria a utilizar para a execución destes traballos); Cuberta nova (simultaneando as labores de montaxe e desmontaxe para evitar a entrada de auga, utilizando un camión grúa con brazo de 35 m. para estes dous traballos -desmontaxe da vella e montaxe da nova-, utilizando paneis dunha soa peza (aprox. 15 m.), lonas no caso de que puidese chober, dúas cuadrillas de dous traballadores, fixando o canlón antes de instalar o panel, unión cos paneis de policarbonato mediante peza especial, remates de cumieira e laterais con parafusos con arandela de goma). Bótase en falta a descrición da actuación correspondente ao pintado.*

*En canto á calidade dos materiais e sistemas construtivos que o contratista se compromete a empregar na obra a empresa se remite ao indicado no Proxecto e/ou Prego, utilizando materiais con marcado CE.*

- *Ten aportado un Diagrama de Gantt (esquemático) no que se recollen as actuacións a realizar (resumidas e unidas) para un prazo de catro semanas (sen desagregar en días naturais), e sen que figure o orzamento mensual por contrata.*
- *A empresa se compromete a realizar unha reportaxe fotográfica do desenrolo das obras, así como unha reportaxe en vídeo das actividades máis complexas; que serán entregados á propiedade.*

*Segundo o indicado, o técnico que subscribe considera que se ten presentado un programa de traballo relativamente específico e adaptado á obra.*

#### **A.2) Actuación Ambiental:**

- *O apartado Actuación Medioambiental presentado inclúe os seguintes contidos:*
  - *Compromiso de implantar na obra un Sistema de Xestión Medioambiental, elaborando un plan de xestión medioambiental.*
  - *Medidas internas (correctoras e preventivas) de xestión medioambiental aplicables para a correcta execución da obra, correspondentes ás distintas actuacións a realizar.*
  - *Axentes que interveñen, indicando que contan con compromiso de colaboración coa empresa Contenedores Vecino, para o transporte e xestión dos residuos xerados nesta obra.*
  - *Normativa e lexislación aplicable.*
  - *Identificación e estimación da cantidade dos residuos de construción e demolición xerados na obra, definindo o tratamento que se lle dará a cada residuo (reciclado en xestor autorizado).*

- *Medidas específicas de protección ambiental a empregar na execución da obra.*
- *Medidas para a separación de residuos, e definición das instalacións previstas para a súa almacenaxe.*
- *Operacións de reciclaxe, reutilización e recuperación de materiais.*
- *Rexeneración de espazos (describírase documentalmente o estado actual do entorno, podaranse as árbores próximas, desbroce da maleza actual na parte traseira, e rexenerarase a zona non pavimentada con alisado das rodeiras e a resembrar con céspede).*
- *Compromiso de aportar a documentación relativa á xestión dos residuos de construción que se xeren, facilitada polos xestores autorizados.*
- *Medidas de aforro enerxético (mantemento das ferramentas e maquinaria, análise dos accesos para buscar a ruta máis eficaz, traballo con provedores locais, iluminación led na caseta, difusores nas tomas de auga e mangueiras, estudo e planificación da obra, traballos no exterior en horas diurnas.*

*Segundo o indicado, o técnico que subscribe considera que se ten presentado un programa de actuación ambiental específico e adaptado a esta obra.*

*B) Plan de control de calidade:*

*Plan de control interno de calidade:*

- *Afirman que en cada unha das súas obras implantan un plan de control de calidade que consta dunha parte interna (realizada por persoal propio ou dunha empresa de control de calidade homologada) e outra externa (por empresa homologada).*
- *Control de calidade dos materiais: a empresa recabará a documentación dos produtos (documentos de orixe, folla de subministro e etiquetado, certificado de garantía do fabricante, documentos de conformidade, marcados CE, distintivos de calidade, avaliacións técnicas de idoneidade), instrución de uso e garantías, e llas facilitará ao Director da obra. Indican a realización dos controis de calidade mediante ensaios a realizar na cuberta (mecánicos, físico-químicos, e de comportamento ao lume), propoñendo un ensaio cada 100 m<sup>2</sup> de cuberta. Propoñen como empresa encargada da realización destes ensaios a 3Coop.*
- *Control de execución: delegan no director de execución da obra o control da execución de cada unidade de obra.*
- *Control da obra terminada: propoñendo un control de calidade consistente no regado con aspersores da cuberta co taponado das baixantes.*
- *Achegan copia do certificado no sistema de xestión da calidade da empresa, que non se terá en conta ao non ser copia compulsada e ademais estar caducada a súa validez.*
- *Así mesmo, comprométense a destinar ata un 4% (do PEM. da obra) para o control de calidade interno a realizar pola propia empresa.*

*Segundo o indicado, o técnico que subscribe considera que se ten presentado un plan de control interno de calidade específico e adaptado á obra.*

C) *Esquema do Plan de Seguridade e Saúde:*

- *A empresa ten presentado un Esquema do Plan de Seguridade e Saúde que inclúe:*
  - *Datos informativos da obra; con indicación, entre outros, do centro de saúde máis próximo; do responsable de seguridade e saúde na obra por parte da empresa, e do servizo de prevención alleo contratado por esta (Mugastra).*
  - *Definición da problemática principal en relación coa seguridade e saúde dos traballos: análise previa, accesos rodados á obra.*
  - *Organización da prevención en obra, na que cobra gran importancia o responsable de seguridade da empresa. Aportan copia de fichas que realiza a empresa en materia de prevención.*
  - *Ofertas de mellora de índole técnica; inadecuado, ao facer mención á demolición de muros e outros elementos dun edificio, así como a reciclaxe de materiais cerámicos, de formigón ou pétreos.*
  - *Adecuación da organización establecida para a prevención de riscos laborais; mostrando o esquema de organización da seguridade da empresa: responsable de seguridade e saúde, xefe de obra, encargado de obra (recurso preventivo) e responsables de seguridade (subcontratas), definindo as súas funcións. Ademais, afirman estar certificados por AENOR na norma OSHAS 18001:2007, ter implantado un sistema de xestión de prevención de riscos laborais, e contar cun servizo de prevención alleo (Mugastra).*
  - *Organización da prevención en obra. Análise de actividades especialmente perigosas a desenrolar na obra; no que definen os riscos e medidas preventivas a realizar unicamente para demolicións e derrubes, montaxe de estadas, camión grúa, e maquinaria.*
  - *Relación de protección colectivas a empregar en obra (esquemática).*
  - *Posibles situacións de emerxencia e medidas adoptadas; coa definición das posibles situacións de emerxencia (incendio, inundación e accidentes) e procedementos a realizar.*
  - *Acreditación de auditoría periódica respecto aos resultados en materia de seguridade e saúde; xustificada mediante copia do certificado do sistema de xestión de seguridade e saúde no traballo (OSHAS 18001:2007), e que non se terá en conta ao estar caducado e non ser copia compulsada.*
  - *Estudio e resultados dos índices de sinistralidade da obra; coa definición dos índices empregados para medir a accidentabilidade das empresas; aportando datos elaborados polo INSHT correspondentes ao ano 2014, así como os datos de empresa para ese mesmo ano.*
  - *Documentación acreditativa da formación, información e entrega de EPIs; aportando copia das fichas coas que traballan.*
  - *Normativa aplicable.*

*Segundo o indicado, o técnico que subscribe considera que se ten presentado un esquema do plan de seguridade e saúde suficientemente específico e adaptado á obra.*

**Hierros Bueno, S.A.L.**

*A empresa, de acordo co indicado no apartado D.- da cláusula 12.2. do Prego, ten aportado un índice dos documentos que integran o Sobre B – Referencias Técnicas.*



*A.1) Programa de traballo:*

- *Ten presentado unha Memoria explicativa das obras a realizar que recolle en primeiro lugar as actuacións iniciais e implantación (redacción e aprobación do plan de seguridade e saúde, redacción do plan de desamiantado, comprobación do reformulo e sinatura da acta, apertura do centro de traballo, valado da obra, colocación das instalacións auxiliares, delimitación da zona de acopio de material e maquinaria, desmontaxe do mobiliario interior, montaxe de liña de vida, montaxe de redes horizontais no interior -mediante plataforma elevadora eléctrica de rodas brancas, colocación de redes perimetrais); posteriormente as demolicións (das placas de fibrocemento, definindo o seu proceso -presentan copia sen compulsar da alta no Rexistro de empresas con risco de amianto (RERA)-; a cubrición con panel sándwich (describindo o proceso de montaxe: canlón, baixantes, paneis, cumieira e remates perimetrais); desmontaxe do falso teito (con plataforma elevadora e/ou estadas no interior -danlle importancia á protección do pavimento de madeira do polideportivo; e pintado das viguetas e paramentos interiores (sen chegar a describir a súa execución).*

*Coa información facilitada non se aprecia a continuidade e coordinación dos traballos dos distintos oficios que interveñen; e se bota en falta a descrición da execución de algunha partida importante (polo prezo) como é a correspondente ás placas translúcidas de policarbonato con cámara a instalar no centro de cada pano.*

*Tampouco se definen os medios persoais e equipos e maquinaria a utilizar en varios destes traballos.*

*Non me consta que se teña definido e xustificado a calidade dos materiais e sistemas construtivos que o contratista se compromete a empregar na obra (remítese ao indicado no Proxecto e/ou Prego).*

- *Teñen aportado un Diagrama de Gantt no que se recollen as actuacións definidas na memoria explicativa para un prazo de tres meses (sen desagregar en días naturais), sen que figure o orzamento semanal por contrata.*
- *Non me consta que a empresa teña definido a forma en que se documentará fotograficamente ou en vídeo a evolución das obras.*

*Segundo o indicado, o técnico que subscribe considera que se ten presentado un programa de traballo insuficiente.*

*A.2) Actuación Ambiental:*

- *O apartado de Actuacións Medioambientais presentado inclúe os seguintes contidos:*
  - o *Compromiso de cumprir a lexislación medioambiental.*
  - o *Índice do plan de xestión de residuos a desenrolar na execución das obras, analizando algún dos puntos.*

*Segundo o indicado, o técnico que subscribe considera que se ten presentado un programa de actuación ambiental non adaptado e incompleto.*

*B) Plan de control de calidade:*

*Plan de control interno de calidade:*

*O Plan de control interno de calidade inclúe os seguintes contidos:*

- *Indicación de que para os ensaios, análises e probas referidas ao Programa de Control de Calidade se contratarán os servizos dun Laboratorio de Ensaos acreditado. Indican que se xunta carta de compromiso de laboratorio de control, o cal non me consta.*
- *Criterios de recepción de materiais, coa comprobación de estar en posesión do selo AENOR ou de certificación CE.*
- *Toma de mostras (neste caso, como no anterior ou seguintes, fan mención ao que determine a Dirección de Obra, o cal será necesario para o control de calidade externo, e non para o control interno de calidade que a empresa debe desenvolver na obra e que é obxecto de valoración).*
- *Ensaos, análises e probas.*
- *Contraensaios.*
- *Decisións derivadas do control de calidade.*
- *Condições facultativas e legais.*
- *Materiais e unidades obxecto de control.*
- *Certificado final de obra.*
- *Achegan copia de certificado de aprobación do sistema de xestión da calidade da empresa, que non se terá en conta ao non ser copia compulsada.*

*A documentación aportada se corresponde cun concepto a definir nun prego de prescricións técnicas do proxecto, e non a unha proposta programada de control interno de calidade que a empresa vaia desenvolver durante a execución da obra.*

*Segundo o indicado, o técnico que subscribe considera que se ten presentado un plan de control interno de calidade non adaptado e incompleto.*

*C) Esquema do Plan de Seguridade e Saúde:*

- *Si ben o que se pide nos pregos é un esquema do plan de seguridade e saúde, o aportado pola empresa non é máis que un índice deste futuro plan, no que non se detalla nada do esixido no apartado 12.2.C) do Prego.*

*Segundo o indicado, o técnico que subscribe considera que se ten presentado un esquema do plan de seguridade e saúde non adaptado e incompleto.*

**E.- Valoración das empresas licitantes:**

**Abaco Sercoin. S.L.**

*1ª FASE : Valoración dos criterios non avaliábles mediante fórmulas:*

- *Programa de traballo (cláusula 12.2.A.1):*

*Relativamente específico e adaptado á obra* **8,00 puntos**

- *Actuación Ambiental (cláusula 12.2.A.2):*

*Específico e adaptado á obra* **4,60 puntos**

- *Plan de control de calidade (cláusula 12.2.B):*

*Xenérico e parcialmente adaptado á obra* **3,50 puntos**

- *Esquema do Plan de Seguridade e Saúde (cláusula 12.2.C):*

*Suficientemente específico e adaptado á obra* **10,20 puntos**

#### ***Terrauga Proyectos y Obras, S.L.***

*1ª FASE : Valoración dos criterios non avaliáveis mediante fórmulas:*

- *Programa de traballo (cláusula 12.2.A.1):*

*Relativamente específico e adaptado á obra* **7,00 puntos**

- *Actuación Ambiental (cláusula 12.2.A.2):*

*Específico e adaptado á obra* **4,90 puntos**

- *Plan de control de calidade (cláusula 12.2.B):*

*Xenérico e parcialmente adaptado á obra* **2,50 puntos**

- *Esquema do Plan de Seguridade e Saúde (cláusula 12.2.C):*

*Suficientemente específico e adaptado á obra* **10,4 puntos**

#### ***Construcciones D. Ogando, S.L.***

*1ª FASE : Valoración dos criterios non avaliáveis mediante fórmulas:*

- *Programa de traballo (cláusula 12.2.A.1):*

*Relativamente específico e adaptado á obra* **7,50 puntos**

- *Actuación Ambiental (cláusula 12.2.A.2):*  

<i>Específico e adaptado á obra</i>	<b>4,80 puntos</b>
-------------------------------------	--------------------
- *Plan de control de calidade (cláusula 12.2.B):*  

<i>Xenérico e parcialmente adaptado á obra</i>	<b>2,50 puntos</b>
--	--------------------
- *Esquema do Plan de Seguridade e Saúde (cláusula 12.2.C):*  

<i>Específico e adaptado á obra</i>	<b>11,00 puntos</b>
-------------------------------------	---------------------

**Proycoga, S.A.**

*1ª FASE : Valoración dos criterios non avaliados mediante fórmulas:*

- *Programa de traballo (cláusula 12.2.A.1):*  

<i>Relativamente específico e adaptado á obra</i>	<b>8,50 puntos</b>
---	--------------------
- *Actuación Ambiental (cláusula 12.2.A.2):*  

<i>Específico e adaptado á obra</i>	<b>5,00 puntos</b>
-------------------------------------	--------------------
- *Plan de control de calidade (cláusula 12.2.B):*  

<i>Específico e adaptado á obra</i>	<b>5,00 puntos</b>
-------------------------------------	--------------------
- *Esquema do Plan de Seguridade e Saúde (cláusula 12.2.C):*  

<i>Suficientemente específico e adaptado á obra</i>	<b>10,2 puntos</b>
---	--------------------

**Hierros Bueno, S.A.L.**

*1ª FASE : Valoración dos criterios non avaliados mediante fórmulas:*

- *Programa de traballo (cláusula 12.2.A.1):*  

<i>Insuficiente</i>	<b>3,00 puntos</b>
---------------------	--------------------
- *Actuación Ambiental (cláusula 12.2.A.2):*  

<i>Non adaptado e incompleto</i>	<b>0,00 puntos</b>
----------------------------------	--------------------
- *Plan de control de calidade (cláusula 12.2.B):*

*Non adaptado e incompleto* **0,20 puntos**

- *Esquema do Plan de Seguridade e Saúde (cláusula 12.2.C):*

*Non adaptado e incompleto* **0,00 puntos**

*Consonte ó anteriormente exposto, no contexto no que vai dito, sen prexuízo doutras consideracións que resultasen de datos diferentes ós achegados*

**INFORMO:**

*1.- A Valoración Total da 1ª Fase das empresas licitantes é a que segue:*

- **Abaco Sercoin. S.L.**  
*1ª Fase: 26,30 puntos*
- **Terrauga Proyectos y Obras, S.L.**  
*1ª Fase: 24,80 puntos*
- **Construcciones D. Ogando, S.L.**  
*1ª Fase: 25,80 puntos*
- **Proycoga, S.A.**  
*1ª Fase: 28,70 puntos*
- **Hierros Bueno, S.A.L.**  
*1ª Fase: 3,20 puntos*

*2.- De acordo co indicado nas cláusulas 15.1 e 15.3 do Prego, así como do Anexo IV do mesmo, a empresa Hierros Bueno, S.A.L., ao non superar a puntuación mínima de 12,5 puntos na Fase 1, non continuará no proceso selectivo.*

*Segundo o indicado na cláusula 15.1 do Prego, non se poderá abrir o Sobre "C" presentado por esta empresa.*

*3.- Para poder propoñer unha determinada empresa para a execución das obras, será necesario continuar coa valoración das ofertas presentadas coa 2ª Fase: Valoración das ofertas económicas e demais criterios avaliábeis de forma automática (Sobre "C"), para o que haberá que redactar un novo Informe técnico.*

**Á vista do informe técnico emitido, a Mesa de Contratación, por unanimidade dos membros presentes, ACORDA:**

Rexeitar a proposición presentadas pola empresa Hierros Bueno, S.A.L., ao non superar a puntuación mínima de 12,5 puntos, na Fase I.

**En consecuencia, notificar esta circunstancia ao licitador excluído.**

De seguido procédese á apertura do SOBRE C, Oferta económica, resultando as seguintes ofertas achegadas polas empresas que concorren á licitación, con excepción do licitador excluído na Fase I, co seguinte resultado:

Empresa licitante	Prezo. sen IVE IVE (21 %) Total	Control interno/externo (%)	Redución de prazos
Abaco Sercoin S.L.	68.953,50 € 14.480,23 € 83.433,73 €	1% do PEM 1+3% do PEM	Non
Terrauga Proyectos y Obras S.L.	78.234,76 € 16.429,30 € 94.664,06 €	3% do PEM 1+3% do PEM	15 días naturais
Construcciones D. Ogando S.L.	73.232,95 € 15.378,92 € 88.611,87 €	9,85% do PEM 1+3% do PEM	39 días naturais
Proycoga S.A.	79.832,65 € 16.764,86 € 96.597,51 €	4% do PEM 1+3% do PEM	60 días naturais

**Rematada a apertura da documentación achegada polos licitadores no SOBRE C, Oferta económica, por unanimidade dos presentes, acórdase solicitar informe técnico, aos efectos da valoración das ofertas presentadas.**

De seguido se estende a presente acta, que trala súa lectura é asinada por tódolos asistentes, do que eu secretaria, dou fe.

A MESA DE CONTRATACION.

O ALCALDE

A SECRETARIA DA MESA

Manuel Insua Insua

María del Carmen Trillo Mouzo

VOGAIS:

O ARQUITECTO

A SECRETARIA INTERVENTORA

Antonio Martínez Domínguez

Irene Suárez López



Praza José Carrera, 1  
15130 Corcubión (Galiza)  
Tf: 981 745 400 Fax: 981 747 100  
correo@corcubion.gal www.corcubion.gal